***XOGADE 2024-2025***
***CROS PROVINCIAL LUGO 15-12-2024.***
***SAN MIGUEL DE REINANTE***

***ORGANIZAN:***

Servizo Provincial de Deportes de Lugo.

Agrupación deportiva A Mariña*.*

***COLABORAN:***

Delegación lucense FGA.

Concello de Barreiros.

NORMATIVA CAMPO A TRAVÉS

INSCRICIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en Idade Escolar formalizarase a través aplicación web https://xogade.xunta.gal
Farana os clubs, asociacións, centros de ensino, escolas deportivas municipais etc. aos que pertenzan os deportistas.

CATEGORÍAS

Benxamín feminina e masculina: persoas nadas nos anos 2017 e 2016.
Alevín feminina, masculina: persoas nadas nos anos 2015 e 2014.
Infantil feminina e masculina: persoas nadas nos anos 2013 e 2012.
Cadete feminina e masculina: persoas nadas nos anos 20011 e 2010.

SISTEMA DE COMPETICIÓN

Esta modalidade desenvolverase preferentemente en circuítos de cros (herba ou terra batida), en horario lectivo ou extraescolar.
A participación das categorías benxamíns finaliza no Campionato Provincial.
As categorías alevíns, infantís e cadetes participarán ademais no Campionato Galego organizado pola Secretaría Xeral para o Deporte.
Cada centro, club ou entidade deportiva poderá participar na primeira fase co número de equipos que desexe en cada categoría, deberán diferenciarse claramente na súa nomenclatura.

Para as seguintes fases, as entidades clasificadas poderán formar os equipos seleccionando aos seus atletas.

Celebraranse fases locais ou comarcais, unha fase intercomarcal (sempre que o servizo provincial así o determine segundo o número de inscritos nesta modalidade), unha fase provincial e unha fase autonómica.

Cada entidade deberá participar na súa zona correspondente, agás en casos excepcionais nos que a participación sexa tan escasa que, a petición das propias entidades, o Servizo Provincial reorganice as zonas.

Os Servizos Provinciais poderán optar por organizar un Campionato Provincial só para centros educativos que non clasificará para o Campionato Galego.

INSCRICIÓNS NOS EVENTOS

Nas competicións organizadas polos Servizos Provinciais ou agrupacións deportivas escolares serán estes os que decidan o sistema de inscrición a utilizar. En caso de atopar algunha dificultade para facelo, sempre se poderá realizar a través da folla de inscrición oficial que se facilita coa normativa correspondente a cada proba.

Para o Campionato Provincial e o Campionato Galego a inscrición realizarase, na medida do posible, na pasarela en liña habilitada para tal efecto na páxina web https://isis.rfea.es/sirfea2/ para o cal as entidades participantes deberán solicitar de xeito previo a competicion@atletismo.gal as claves de acceso en liña.

A data límite de inscrición dos atletas participantes en cada competición será a fixada polas Agrupacións Deportivas Escolares ou organizadores, e aprobadas polo Servizo Provincial de Deportes correspondente.

DISTANCIAS A PERCORRER

No caso de agrupar a fase local e zonal, recoméndase facer a distancia inferior ata o mes de decembro e a partir de xaneiro a superior. As distancias aproximadas a percorrer serían as reflectidas na seguinte táboa:

| CATEGORÍAS | LOCAL | ZONAL | PROVINCIAL | GALEGO |
|---|---|---|---|---|
| BENXAMÍNS | 500 | 500 | 800 | ---- |
| ALEVÍNS | 1000 | 1000 | 1500 | 2000 |
| INFANTÍS | 1500 | 1500 | 2000 | 2500 |
| CADETES | 2000 | 2000 | 2500 | 2500 |

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará formado por seis atletas como máximo.

Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

Cada atleta soamente poderá participar na proba de campo a través coa entidade coa que estea dado de alta na modalidade de campo a través no programa Xogade.

CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

Individual. Segundo a orde de entrada na meta.

Por equipos. Os equipos estarán formados por 6 persoas como máximo.

Puntuarán as catro mellor clasificadas nas categorías benxamíns, alevíns e infantís e, nas categorías cadetes, as tres mellor clasificadas. A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polas 4 (3 en cadetes) mellores clasificacións de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. Os puntos corresponderán co número de orde de entrada en meta. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo que obtivese a mellor clasificación na última participación que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta con 4, ou en cadete 3, atletas non puntuarán como equipo.

Cada comité provincial organizará, nas distintas comarcas ou zonas, as probas previas necesarias en cada caso para obter as clasificacións que competirán no campionato provincial.

Os membros de cada equipo en cada unha das fases para as que se clasifiquen non terán que ser necesariamente os mesmos.

Na fase provincial poderanse realizar 2 cambios na composición dos equipos no mesmo día da competición, comunicándoo previamente na Secretaría da proba.

Para o Campionato Provincial, que será clasificatorio para o Campionato Galego, clasificaranse os 2 mellores equipos de cada fase zonal (intercomarcal), así coma os 10 primeiros atletas clasificados de xeito individual que non estean incluídos nos equipos clasificados, sempre e cando entren na meta entre os 15 primeiros.

Para o Campionato Galego (alevín, infantil e cadete) clasificaranse os 2 mellores equipos de cada fase provincial, así coma os 10 primeiros atletas clasificados individualmente que non estivesen incluídos nos equipos clasificados, sempre e cando entrasen na meta entre os 15 primeiros.

En casos excepcionais, ou por interese da selección galega, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá autorizar a participación de atletas a título individual que non participasen no campionato provincial, ou nunha fase comarcal.

DATAS PROBAS DE CAMPO A TRAVÉS LUGO-CENTRO

Si non se produce ningunha novidade ás datas das probas a celebrar en Lugo, no Pazo de Feiras e Esxposicións, serán ás segunites:

- **Preparatoria 27 de outubro**. Establecerase únicamente unha clasificación individual.
- **Clasificatoria 1 de decembro**. Clasificación individual e por equipos para acceder ao provincial.
- **Provincial 15 de decembro**. Clasificación individual e por equipos para acceder ao galego
- **Galego 11 de xaneiro.**

SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible na páxina www.xogade.xunta.gal e https://xogade.xunta.gal.

Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á póliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.

OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola organización do evento en coordinación co Servizo Provincial correspondente.